



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683

Fax: 981-292056. Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CIRCULAR 71-2013

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os asambleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CRITERIOS SELECCIÓN CAMPO A TRAVÉS

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE CAMPO A TRAVÉS: Mérida (Badajoz). 16 Marzo 2014

Os criterios de selección para o Campionato de España de campo a través por Autonomías serán os seguintes:

- Para poder representar a Galicia no Campionato de España de campo a través, será obrigatorio participar previamente no Campionato Galego que se celebrará o vindeiro 16 de Febreiro, segundo o acordo adoptado pola Asamblea Xeral da Federación Galega de Atletismo.
- Categoría Senior Homes: Serán seleccionados de forma directa os cinco primeiros atletas clasificados no Campionato Galego
- Resto de categorías (Senior Mulleres - Promesas Homes e Mulleres e Juniors Homes e Mulleres): Serán seleccionados de forma directa os catro primeiros clasificados no Campionato Galego.
- A F.G.A reservárase a posibilidade de non seleccionar a cantidade máxima de atletas permitidos en cada categoría e indicados na táboa seguinte (non completando equipo):

CATEGORIAS	CANTIDADE MÁXIMA
Sénior Homes	9
Sénior Mulleres	6
Promesa Mulleres e Homes	6
Junior Hombres e Mulleres	6

- Non se contabilizarán os postos de aqueles atletas que caso de participar polos seus clubs respectivos, non teñan ficha pola F.G.A. ou en caso de ser un campionato aberto, participen tamén como individuais, pertencendo a outras federacións.
- O resto de atletas, ata integrar cada unha das Seleccións, serán designados polo Comité Técnico da F.G.A., tendo en conta:
 1. O estado actual de forma do atleta
 2. O nivel de regularidade nas competicións da actual tempada
 3. Os resultados das confrontacións entre atletas similares
 4. Os resultados do Campionato de España de Clubs que se celebrará o 2 de marzo (Marina D'O Oropesa) e en categoría absoluta os resultados do cross largo
 5. A resposta do atleta ante competicións relevantes
 6. A categoría deportiva e a experiencia do atleta.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683

Fax: 981-292056. Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

- **Caso excepcional:** O Comité Técnico reservase o dereito de seleccionar a aquel/la atleta que no día do Campionato Galego non participara, ben por lesión ou enfermidade, sempre e cuando o xustifique documentalmente, ou que tivera que participar representando a un club non galego o mesmo día noutro Campionato Autonómico. A decisión adoptarase, unha vez analizada a documentación presentada polo atleta, por parte do Comité Técnico da F.G.A. e representantes dos atletas ante a Asamblea ou, no seu caso, a propia Xunta Directiva da F.G.A.
- Os/as posibles seleccionados/as, deberán axustarse ás condicións que para o desplazamento e aloxamento notificará a Federación Galega de Atletismo.
- Non será autorizado a competir no Campionato de España de Campo a Través a ningún atleta galego que sendo seleccionado previamente pola Federación Galega de Atletismo, negarase a participar coa mesma (Acordo da Asamblea Xeral da Federación Galega de Atletismo, en 2003)

CAMPIONATO DE ESPAÑA ESCOLAR CSD: Comunidad de Madrid (22 Febreiro de 2014)

Os criterios de selección para este Campionato de España de Cross por Autonomías serán os seguintes:

- Son seleccionados os catro primeiros clasificados no Campionato Galego tanto na categoría cadete como xuvenil, que se celebrará o vindeiro 26 de Xaneiro.
- O resto dos atletas, até integrar cada unha das Seleccións, serán designados polo Comité Técnico da Federación Galega de Atletismo, tendo en conta:
 - 1) As actuacións dos atletas das categorías correspondentes nas competicións da actual tempada.
 - 2) Os resultados das confrontacións entre atletas similares.
 - 3) A resposta do atleta ante competicións relevantes a estes niveles.

NOTA IMPORTANTE: Terase en conta o comportamento persoal de os/as seleccionados/as en desplazamentos e concentracións tanto nacionais como autonómicas.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 27 de decembro de 2013